

CARTAFOL ESCOLAR 2020/2021

“A ARTE RUPESTRE ONDE TI QUEIRAS”

OPCIÓN DIDÁCTICA NO PAAR
VISITAS E TALLERES SEGUROS

OPCIÓN SAÍMOS DO PAAR
IMOS Ó TEU COLE?

OPCIÓN ON-LINE
E SE FACEMOS UN WEBINAR?

ÍNDICE

1. QUE É O PAAR?

Que é o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro?

2. OPCIÓN DIDÁCTICA NO PAAR: VISITAS E TALLERES SEGUROS

O PAAR continúa coa súa oferta de obradoiros e visitas guiadas facendo fincapé no protocolo de medidas hixiénico-sanitarias. Ademais, no eido da didáctica temos máis querenza polas exhibicións en vez de obradoiros para non compartir material e gardar as distancias entre os escolares.

3. OPCIÓN SAÍMOS DO PAAR: IMOS Ó TEU COLE?

Pensades que imos estar un ano sen vós?

Queremos seguir compartindo o mundo dos petróglifos e do patrimonio

Por esta razón, ofrecemos a posibilidade de que @s nos@s guías visiten as vosas instalacións con obradoiros ou exhibicións adaptadas ós novos tempos.

De feito temos dúas novas actividades, “ Gravuras, atavíos máxicos (Primaria) ou “A vida baixo terra” (Secundaria).

4. OPCIÓN ON-LINE: E SE FACEMOS UN WEBINAR?

Seguiremos ofrecendo máis recursos didácticos na nosa páxina web e redes social.

Non é suficiente? Queredes algo máis interactivo e coa participación en directo d@s

nos@s guías? Pois este ano tamén ofrecemos visitas guiadas on-line e dous

obradoiros. “Gravuras e atavíos máxicos” (Primaria) e “A vida baixo terra” (Secundaria)

que podedes mercar vos mesmos o materia ou enviámosvos un paquetiño.

6. ANTES DE CHEGAR Ó PAAR

7. COMO CHEGAR

8. TRAMITAR A RESERVA

9. CADRO RESUMO

PÁX.

2-5

6-11

12-13

14

15

16

17


18

1. QUE É O PAAR?

A Arte Rupestre é un dos xeitos de expresión máis coñecidos que nos deixaron os nosos devanceiros. Pode ter moitas manifestacións: pintura, talla, escultura... Se ben o que máis atopamos en Galicia son os gravados en rocha de granito, coñecidos pola denominación de petróglifos.

Os petróglifos foron feitos en moitas épocas e por motivos moi diversos, pero os máis comúns en Galicia son os correspondentes coa chamada Idade do Bronce, que deu comezo fai aproximadamente 4.000 anos.

Estas marcas nas pedras son unha forma de expresión, unha ferramenta empregada pola xente da Idade do Bronce para comunicar unha mensaxe que aínda podemos ver hoxe en día, e que te axudaremos a descifrar ó longo da túa visita polo Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro (PAAR).



O DOSSIER DIDÁCTICO DO PAAR

Neste documento aportamos toda a información necesaria para que o público escolar poda coñecer polo miúdo a oferta de servizos e actividades dun espazo arqueolóxico excepcional, grazas ós seguintes elementos:

1. Un conxunto extraordinario de petróglifos
2. Unha magnífica paisaxe cultural prehistórica
3. Un equipamento cultural moderno
4. Un suxerinte espazo expositivo
5. Unha novidosa programación educativa e cultural

Non soamente é importante transmitir o que facemos, senón como o facemos. Neste caso presumimos dunha equipa de profesionais cunha contrastada experiencia profesional: Fátima, Tania, Leo e Fran.



O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro é un centro de difusión e investigación adicado ós gravados galegos que posúe dous espazos principais: o Centro de Interpretación da Arte Rupestre (CIDAR) e a Área Arqueolóxica.

Atópase en Campo Lameiro porque é precisamente neste concello do Val do Lézec onde se localiza unha das maiores concentracións de petróglifos de toda Europa, así como algunhas das representacións máis espectaculares que coñecemos coma o caso do gran cervo da “Laxe dos Carballos”.

A EXPOSICIÓN PERMANENTE DO CIDAR

Os petróglifos non sempre son un fenómeno sinxelo de comprender ou observar, polo que no CIDAR che damos as claves para obter o máximo proveito da visita, mediante unha exposición que, tema por tema e sala por sala, vai debullando os signos representados nas pedras, a investigación, a conservación, os significados dos gravados ou a vida cotiá das persoas que os concebiron.

UNHA ÁREA ARQUEOLÓXICA DE 22 HECTÁREAS

Un espazo ó aire libre onde descubriremos os petróglifos nos seus emprazamentos orixinais, nunha contorna moi respetuosa coa paisaxe, xa que é precisamente a “paisaxe prehistórica” do Parque un dos elementos fundamentais para comprender o sentido deste conxunto de petróglifos.

Ó longo dun percorrido duns 4 km poderás ver nove dos principais petróglifos da zona, así como un lugar moi especial: a reprodución dun pequeno poboado para que poidas ver como se vivía naquela época.

Co fin de que a visita sexa cómoda e levadeira atoparás ó longo do camiño diferentes servizos como puntos de descanso, fontes e papeleiras. Se non quixeses facer o percorrido completo ofrecémosche unha alternativa máis curta que che permitirá ver os espazos máis relevantes.





OS SERVIZOS

Para completar unha xornada de visita ó Parque contamos con outros puntos de interese que están á túa disposición coma a cafetería (no mesmo horario de apertura que o PAAR): un espazo de merendeiro por se prefires traer ti a comida, unha zona de tenda para que te leves un recordo ou un agasallo; e o espazo destacado polos máis cativos, un labirinto ó xeito da Idade do Bronce, xa que a súa forma se basea no motivo representado no petróglifo de Mogor.

Este conxunto pretende ofrecerche algo máis que unha simple visita, queremos proporcionarche unha pequena viaxe no tempo a través da paisaxe cultural do Val do Lérez: contorna, natureza e arqueoloxía.

Unha experiencia única en Galicia que mistura ocio e aprendizaxe, para voltar durante unhas horas a Idade do Bronce.

2. OPCIÓN DIDÁCTICA NO PAAR: VISITAS E TALLERES SEGUROS

A acción educativa, no senso máis amplo do termo, é unha das funcións centrais do PAAR. A continuación expoñemos unha serie de actividades que poñemos a disposición da comunidade escolar nas que os obxectivos didácticos estarán en consonancia co currículo académico dos diversos ciclos escolares.

Ofertamos un programa con visitas interpretativas, e unha serie de obradoiros didácticos e exhibicións de arqueoloxía experimental adaptados ás necesidades específicas de cada ciclo educativo. Orientamos este programa didáctico @s alumn@s dos ciclos de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato; así como a ciclos de educación especial, formación profesional e educación de persoas adultas.



A oferta adáptase á idade, coñecementos e niveis educativos dos escolares e complementábase cos obxectivos curriculares nas súas competencias básicas.

Por iso seleccionamos unha serie de experiencias que axuden a dispoñer daquelas habilidades e aptitudes correspondentes á área de cada currículo. Consideramos oportuno destacar neste punto que todas e cada unha das actividades deseñadas para os escolares tratarán de forma transversal cuestións relacionadas co xénero na Prehistoria intentando deste xeito que @s máis pequen@s valoren o papel desempeñado pola muller no devir da humanidade.

Ademais as nen@s traballarán nos contidos relacionados coas paisaxes prehistóricas, as estratexias de ocupación do territorio e a explotación especializada dos recursos na Idade do Bronce.



Obxectivos didácticos:

- Adquirir coñecementos arredor da creación de pigmentos na Prehistoria.
- Coñecer os útiles básicos para a creación das pinturas na Prehistoria.
- Producir, deseñar e compoñer, individualmente ou en grupo, as fases do proceso de creación e realización dunha decoración mural.
- Reforzar a creatividade e destreza manual d@s alumn@s.

TÍTULO: PINTURA COAS MANS

Público: Educación Infantil/1º,2º e 3º de Primaria
Duración: 1 hora
Temática: Arte

Neste obradoiro, @s máis pequen@s entenderán a linguaxe gráfica, plástica e visual como medio de expresión na Prehistoria. Coñecerán e utilizarán diversas réplicas arqueolóxicas para finalmente experimentar de primeira man os diversos procesos creativos da Prehistoria.



Obxectivos didácticos:

- Valorar a importancia da agricultura para a vida dos seres humanos.
- Entender e aprender as fases simples da domesticación das plantas.
- Recoñecer e identificar as ferramentas principais da agricultura no Neolítico e a Idade do Bronce.
- Experimentar de primeira man coas réplicas arqueolóxicas destinadas á practica arqueolóxica.

TÍTULO: SEMENTES DO PASADO

Público: Educación Infantil
Duración: 1 hora
Temática: Agricultura

Mediante esta actividade o alumnado poderá entender a importancia que tivo a innovación tecnolóxica da agricultura. Coñecerán de primeira man os procesos que conduciron ao descubrimento da domesticación das plantas e as vantaxes e cambios que significou para a vida dos seres humanos. Ademais poderán plantar e realizar parte do proceso de produción para a obtención da fariña.

CARTAFOL ESCOLAR 2020/2021 “A ARTE RUPESTRE ONDE TI QUEIRAS”



Obxectivos didácticos:

- Achegar @s alumn@s ó mundo da arqueoloxía.
- Adquirir unha linguaxe específica.
- Entender, respectar e valorar a documentación e conservación da arte rupestre.
- Realizar diversas técnicas de rexistro para crear a imaxe dun gravado.

TÍTULO: ARQUEÓLOG@S POR UN DÍA

Público: Educación Primaria

Duración: 1 hora

Temática: Arqueoloxía/Arte

Esta actividade amosa o xeito máis habitual no que @s arqueólog@s traballan coa arte rupestre e documentan os petróglifos, permitindo o achegamento ó seu día a día. @s participantes poderán realizar varios calcos con diferentes técnicas, utilizando como base as réplicas de petróglifos que se atopan na área arqueolóxica.



Obxectivos didácticos:

- Achegar @s alumn@s ó mundo da arqueoloxía e da Idade do Bronce.
- Entender, respectar e valorar a documentación e conservación da arte rupestre.
- Realizar actividades que fomenten a aprendizaxe autónoma dos alumn@s.

TÍTULO: PEGADAS DE ANTONTE

Público: Educación Primaria/1 de ESO

Duración: 1 hora

Temática: Arqueoloxía/Guía Didáctica

Visita autónoma ao CIDAR seguindo unha guía didáctica con xogos de pistas e preguntas que os alumn@s deberán repostar en relación ao exposto. Foméntase así o traballo individual e a aprendizaxe significativa. Esta actividade será correxida xunto a un dos nosos monitores, sendo completada na aula cunha serie de actividades.

TÍTULO: OS PEQUERRECHOS DE PEDRA

Público: Educación Infantil
Duración: 1 hora
Temática: Contacontos

O contacontos pretende mostrarlle aos alumn@s como vivían os nen@s da súa mesma idade na Prehistoria. A finalidade é que os alumn@s sexan capaces de valorar o que lles rodea mediante a experiencia sensorial de tocar réplicas.

Obxectivos didácticos:

- Identificar as funcións dos grupos e as organizacións da comunidade.
- Adquirir destrezas e habilidades manuais aplicándolas no manexo de útiles materiais.
- Coñecemento da contorna.
- Linguaxe: comunicación e representación.



TÍTULO: CERÁMICA COAS MANS

Público: Educación Primaria
Duración: 1 hora
Temática: Tecnoloxía / Arte

Trátase dun obradoiro onde descubrirán un dos maiores inventos da humanidade, a cerámica. Unha actividade que cambiou o curso da historia. @s alumn@s transformaranse en oleiros por un día, realizarán todo o proceso de creación das típicas pezas da Idade do Bronce.

Obxectivos didácticos:

- Descubrir e entender a importancia da cerámica para a vida cotiá.
- Producir, deseñar as fases do proceso de creación e realización dunha peza cerámica.
- Reforzar a creatividade e destreza manual de forma individual dos alumnos.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura Neolítica e da Idade do Bronce en Galicia.



TÍTULO: FIANDO O PASADO

Público: Educación Primaria (4º, 5º e 6º) e Educación Secundaria/Bacharelato

Duración: 1 hora

Temática: Téxtil

Con esta actividade o alumnado poderá profundizar no coñecemento da evolución do téxtil ao longo da Prehistoria en función do troco da indumentaria. Coñeceremos a cadea técnica operativa para elaborar as teas e posteriormente convertelas en roupa.

Obxectivos didácticos:

- Comprender e deseñar as fases do proceso de creación e realización da roupa ó longo Prehistoria.
- Reforzar a creatividade e destreza manual de forma individual dos alumnos, así como xeito colectivo e colaborativo.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura Paleolítica e a Prehistoria en xeral.



TÍTULO: TOUR DIDÁCTICO

Duración: 3 horas e media

Público obxectivo: Educación Primaria e Educación Secundaria/Bacharelato

Temática: Mixta

Esta actividade consiste en 2 obradoiros e elixir segundo os intereses e idades dos participantes máis unha exhibición. En total consta de 2 horas e media de actividades prácticas que se suman a visita guiada, proporcionando así unha experiencia moi completa e transversal da Idade do Bronce e a Prehistoria en xeral.

Obxectivos didácticos:

- Comprender e valorar os modos de vida e a cotidianidade da Idade do Bronce.
- Comprobar e distinguir a efectividade das técnicas traballadas.
- Experimentar e identificar diversos elementos arqueolóxicos.
- Adquirir vocabulario específico.
- Entender, respectar e valorar o Patrimonio Arqueolóxico.

Visita Interpretativa Área Arq.

2 obradoiros

1 exhibición: lume, caza ou pintura



Obxectivos didácticos:

- Aproximarse á vida dos diversos momentos da prehistoria a través das técnicas de caza utilizadas polos seres humanos.
- Experimentar a dificultade que significaba a práctica da caza.
- Comprender e aprender as fases da evolución cultural cos útiles empregados para esta actividade.

TÍTULO: CAZA NA PREHISTORIA

Público: Educación Secundaria/Bacharelato
Duración: 1 hora
Temática: Tecnoloxía

Os escolares poderán descubrir mediante diversas réplicas e obxectos característicos a evolución das técnicas cinexéticas na Prehistoria, converténdose en cazador@s que deben despregar todo o seu enxenio e habilidades para acadar o seu obxectivo.



Obxectivos didácticos:

- Aproximarse á vida das mulleres na Prehistoria
- Coñecer o papel da muller nas sociedades cazadoras, recolectoras e pescadoras.
- Reflexionar arredor das diferencias entre a muller na Prehistoria e a actualidade.
- Adquirir vocabulario específico.

TÍTULO: A METADE SILENCIADA

Público: Educación Secundaria/Bacharelato
Duración: 1 hora
Temática: Educación en igualdade

Posta en valor o traballo da muller nas sociedades cazadoras-recolectoras-pescadoras. Ao mesmo tempo explicárase o seu papel no crecemento e mantemento do grupo e na evolución da sociedade. Os alumn@s deberán analizar o troco do rol feminino e as similitudes e diferenzas entre diversos lapsos temporais e xeográficos.

3. OPCIÓN SAÍMOS DO PAAR: IMOS Ó TEU COLE? (PRIMARIA)

Esta modalidade ten como finalidade achegar o PAAR a toda aquela rapazada que ten complicado desprazarse dende o seu centro educativo. Os monitores/as levaremos o Parque Arqueolóxico ata as propias aulas, amosando tódolos recursos cos que contamos e facendo actividades de xeito colectivo.



Inicio » Blog

Xoias que falan a través de 6.000 anos de historia: a peza máis antiga de 'Galicia, un relato no mundo'

Para atopar a peza máis antiga da exposición **Galicia, un relato no mundo** temos que remontarnos máis de seis milenios atrás, ao momento no que unha distinguida personaxe foi soterrada nun túmulo no actual concello de Silleda. No seu enxoval mortuario incluíase un colar de ámbar e variscita, dous materiais que nos falan das relacións comerciais que os habitantes do territorio galego mantiñan hai máis de seis mil anos xa que a variscita, un mineral escaso, foi empregado para xoias e tamén obxecto de intercambio nas sociedades prehistóricas. Neste colar, datado arredor do 4.300 a.c., a variscita pode proceder das zonas de Zamora ou Huelva, mentres que a procedencia xeolóxica do ámbar é esóxena, posiblemente Sietilla siciliana.



Categorías:

- Música & Escena
- Exposicións & Intervencións
- Visitas e Accións divulgativas
- En familia
- Letras & Pensamento

Arquivo

- ▼ 2020
- ▼ 2019
- ▼ 2018
- ▼ 2017
- ▼ 2016
- ▼ 2015
- ▼ 2014
- ▼ 2013
- ▼ 2012
- ▼ 2011

PRIMARIA: “GRAVURAS E ATAVÍOS MÁXICOS”

Duración: 1 hora

Guión da actividade: 4 fases e exhibición de lume opcional

- Presentación da Guía Didáctica do PAAR no proxector da aula. Guía composta de actividades teórico-prácticas, que buscan a continua interacción co alumnado. Afondarase en aspectos tales coma o coñecemento, a conservación e o respecto cara o noso patrimonio.
- Explicación sobre o megalitismo. Achega ás mámoas máis senlleiras de Galicia e coñecemento das mesmas dende variados puntos de vista. Explicarase tamén a arte atopada no seu interior, ademáis dos enxovais funerarios.
- Exhibición de réplicas prehistóricas e de obxectos atopados no interior das mámoas.
- Cada estudante creará un abalarío (colar) moi similar aos atopados nos enterramentos megalíticos. Dito proceso sempre estará supervisado polos monitores/as do PAAR.
- Os materiais serán agachegados dende o PAAR.
- Exhibición de lume opcional (1€ máis por cada alumno/a).

3. OPCIÓN SAÍMOS DO PAAR: IMOS Ó TEU COLE? (SECUNDARIA)

Esta modalidade ten como finalidade achegar o PAAR a toda aquela rapazada que ten complicado desprazarse dende o seu centro educativo. Os monitores/as levaremos o Parque Arqueolóxico ata as propias aulas, amosando tódolos recursos cos que contamos e facendo actividades de xeito colectivo.



SECUNDARIA: “A VIDA BAIXO TERRA”

Duración: 1 hora

Guión da actividade: 4 fases e exhibición de lume opcional

- Presentación da Guía Didáctica do PAAR no proxector da aula. Guía composta de actividades teórico-prácticas, que buscan a continua interacción co alumnado. Afondarase en aspectos tales coma o coñecemento, a conservación e o respecto cara o noso patrimonio.
- Explicación sobre as formas de vida na Idade do Bronce. Dende as actividades cotiás ata a desenvoltas pola denominada “elite”: os guerreiros/as.
- Exhibición de réplicas da Idade dos Metais, así como, de de materiais de campo empregados polos arqueólogos/as.
- Elaboración do seu propio xacemento prehistórico, creando un enterramento propio da Idade do Bronce. Gracias ao cal coñecerán os estratos da Terra e a localización dos restos arqueolóxicos. A actividade rematará coa excavación dese xacemento empregando obxectos arqueolóxicos e cumprimentando o proceso nunha ficha de excavación.
- Os materiais serán agachegados dende o PAAR.
- Exhibición de lume opcional (1€ máis por cada alumno/a).


5. OPCIÓN ON-LINE: E SE FACEMOS UN WEBINAR?

Presentamos a modalidade virtual do departamento de didáctica. Continuaremos subindo recursos didácticos na nosa páxina web e redes sociais. Non obstante, aqueles que desexen unha actividade virtual contarán coa opción de facer un webinar con tres opcións: visita virtual ós petróglifos do PAAR, obradoiro “Gravuras e atavíos máxicos” (Primaria) e “A vida baixo terra” (Secundaria).



Os materiais para facer ditos obradoiros son sinxelos de atopar e cun prezo moi asequible. Aínda que temos a opción de envialos previamente por correo postal. Para desenvolver esta modalidade da forma máis óptima posible, precisase boa conexión á rede.

Todos los videos



6. SERVIZOS DO PAAR

- Baños.
- Tenda.
- Área recreativa.
- Parking.
- Visitas en inglés.
- Restaurante/Cafetería.

*En tempada baixa servizo de vending.
Preguntar pola oferta de menús para
escolares durante todo o ano.*



7. ANTES DE VISITAR O PAAR

Recomendacións para a visita:

- Calzado e roupa cómoda.
- Un chubasqueiro (por se acaso).
- Un sombreiro e unha crema protectora para o sol.

Normas das instalacións:

Os petróglifos localízanse na Área Arqueolóxica do Parque de Campo Lameiro. Os visitantes a este espazo arqueolóxico aceptan as seguintes normas para o uso das instalacións:



- Os petróglifos posúen protección legal específica (Bens de Interese Cultural). Calquera agresión neles será sancionada pola administración, sendo especialmente daniño pisar a superficie dos paneis, ou remarcar os sucos dos gravados.
- Utilizar os camiños habilitados e sinalizados pola organización.
- Respetar a vexetación presente nas 22 hectáreas da Área Arqueolóxica.
- Prohibición de depositar lixo ou calquera outro tipo de obxectos dentro do recinto.

O CIDAR é un espazo que require dun ambiente de tranquilidade e sosego para unha visita de calidade. Por este motivo pedímoslles que acepten a seguinte normativa:

- O Centro de Interpretación está pensado para a visita dos escolares acompañados sempre do corpo docente, @s alumn@s non poden visitar a Exposición Permanente sen profesores.
- Utilizar os lugares habilitados para a comida e a bebida: cafetería, restaurante e a zona exterior das mesas. Está prohibido entrar con comida no Centro.

8. CÓMO CHEGAR

42°32'30.9"N 8°31'49.8"W


Dende Santiago: 62 km. AP9, saída Caldas de Reis, N-640 dirección Cuntis durante 1 km e PO-221, dirección Moraña ata Campo Lameiro.

Dende Vigo: 47 km. AP9 ata Pontevedra e N-541 ata San Xurxo de Sacos, xira á esquerda pola PO 231, 8 km ata o Parque.

Dende Pontevedra: 20 km. por estrada comarcal PO-223 ou N-541 e PO-231 ata o Parque.

Dende Ourense: 90 km. N-541, ata San Xurxo de Sacos, virar á dereita pola PO-231, 8 Km ata o Parque.

Dende Vilagarcía de Arousa: 28 km. N-640 ata Caldas de Reis, comarcal PO-221, dirección Moraña e Campo Lameiro.



9. TRAMITAR A RESERVA:

3 MODALIDADES

1. DIDÁCTICA NO PAAR

TIPOLOXÍAS E PREZOS DA VISITA Ó PAAR			
OPCIÓN DA VISITA			
OPCIÓN 1:	VISITA INTERPRETATIVA Á ÁREA ARQUEOLÓXICA DO PAAR + EXHIBICIÓN	DURACIÓN: 1 HORA E 15 MINUTOS	PREZO: 6,00 € POR ALUMN@
OPCIÓN 2:	VISITA INTERPRETATIVA Á ÁREA ARQUEOLÓXICA DO PAAR + OBRADOIRO DIDÁCTICO	DURACIÓN: 2 HORAS	PREZO: 6,50€ POR ALUMN@
OPCIÓN 3:	VISITA INTERPRETATIVA Á ÁREA ARQUEOLÓXICA DO PAAR + TOUR DIDÁCTICO	DURACIÓN: 3 HORAS E MEDIA	PREZO: 9,00€ POR ALUMN@

1€ DESCONTO ATA ABRIL DO 2021

2. OPCIÓN SAÍMOS DO PAAR: IMOS Ó TEU COLE?

DURACIÓN:
1 HORA

PREZO:
120 € POR AULA
+ DESPRAZAMENTO

MATERIAL INCLUÍDO

3. OPCIÓN ON-LINE E SE FACEMOS UN WEBINAR?

DURACIÓN:
1 HORA

PREZO:
50 € POR AULA

ENVÍO MATERIAL +25€

1. Contactar co PAAR empregando o noso correo electrónico reservas@paar.es (Información grupos) didactica@paar.es (Información escolares) ou no teléfono **886 151 195** e enviáremosvos un documento para completar á reserva cos vosos datos.

2. Unha vez pechado o plan didáctico/grupos recibiredes un documento de confirmación con todos os datos da visita (data, horarios, número de participantes, idades, número de grupos); así como o planning de traballo a seguir o día da visita ó PAAR, a nosa visita . ao cole ou facemos un webinar.


10. CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS 2020/2021

CONTACONTOS (CC)/VISITA GUIADA (VG)	EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA						EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA			
	TODOS OS CURSOS	1º	2º	3º	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º
OBRADOIROS											
PINTURA COAS MANS	✓	✓	✓	✓							
SEMENTES DO PASADO	✓										
OS PEQUERRECHOS DE PEDRA (CC)	✓										
CERÁMICA COAS MANS		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓			
ARQUEÓLOGOS POR UN DÍA		✓	✓	✓	✓	✓	✓				
PEGADAS DE ANTONTE (VG)		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓			
CAZA NA PREHISTORIA							✓	✓	✓	✓	✓
A METADE SILENCIADA (VG)								✓	✓	✓	✓
FIANDO O PASADO						✓	✓	✓	✓	✓	✓
TOUR DIDÁCTICO	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
GRAVURAS E ATAVÍDO MÁXICOS		✓	✓	✓	✓	✓	✓				
A VIDA BAIXO TERRA								✓	✓	✓	✓

1. DIDÁCTICA NO PAAR
 2. OPCIÓN SAÍMOS DO PAAR
 3. OPCIÓN ON-LINE

CARTAFOL ESCOLAR 2020/2021

“A ARTE RUPESTRE ONDE TI QUEIRAS iii”



PARQUE ARQUEOLÓXICO
DA ARTE RUPESTRE
Campo Lameiro

didactica@paar.es

886 151 195

www.paar.es